

IES DE PORTO DO SON



TIL

**TRATAMENTO
INTEGRADO
DAS LINGUAS
MARCO LOMCE**

2016/2017
2017/2018
2018/2019

ÍNDICE

TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS	0
ÍNDICE	1
INTRODUCCIÓN XERAL	2
OBXECTIVOS, COMPETENCIAS E ELEMENTOS TRANSVERSAIS LOMCE	3
OBXECTIVOS DA ESO	3
COMPETENCIAS CLAVE	5
ELEMENTOS TRANSVERSAIS	7
TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)	8
ACORDOS DO IES DE PORTO DO SON PARA O TIL	10
METODOLOXÍA	10
MARCO LEGAL	10
METODOLOXÍA TIL NO IES DE PORTO DO SON	10
ACORDOS CONCRETOS	11
EN TIC/ITI	11
EN ENSINO-APRENDIZAXE	11
TERMINOLOXÍA	14
TERMOS NA ANÁLISE MORFOLÓXICA – ESTRUCTURA DA PALABRA	14
TERMOS PARA A ANÁLISE SINTÁCTICA	15
ONDE, CANDO E COMO: ADVERBIOS RELATIVOS / CONXUNCIÓNS	16
Os adverbios relativos son: onde, cando e como.	16
Conxuncións	17
TRATAMENTO DE CONTIDOS	18
CONTIDOS LINGÜÍSTICOS CURRICULARES POR BLOQUES	18
Bloque I. Comunicación oral. Escouitar e falar	18
Bloque II. Comunicación escrita. Ler e escribir	18
Bloque III. Funcionamento da lingua	19
Bloque IV. Lingua e sociedade	19
Bloque V. Educación literaria	19
CONTIDOS TIC E DE INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	20
Curso intensivo en 1º da ESO- Conceptos básicos	20
Materia de libre configuración en 1º da ESO	21
Reparto e temporalización dos contidos de TIC (1º de ESO) (linguas)	21
AVALIACIÓN	25
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	25
Procedementos	25
Instrumentos de avaliación:	25

1. INTRODUCCIÓN XERAL

A transformación da sociedade actual precisa de cambios nos centros de ensino. Estes han ser espazos de aprendizaxe que preparen o alumnado para o futuro. A escola pode ser o laboratorio, a ágora da que xurdan homes e mulleres críticos e comprometidos. Mais este labor atinxe tamén á comunidade educativa nun sentido amplo: ás familias, ao entorno. E supón, por suposto, un cambio metodolóxico no profesorado, que ha de contemplar o saber facer, non só o feito de asimilar información. A adquisición das competencias debe ser integrada, plural. A vida tamén o é. Neste sentido, o ámbito lingüístico ten especial responsabilidade, pois a competencia comunicativa é a que abre a porta do coñecemento. A lingua permite aprender a aprender; fainos cidadáns cívicos; estimula o espírito emprendedor, a creación e o disfrute da arte, o interese científico.

As mudanzas no eido das tecnoloxías están a supoñer unha revolución na linguaxe, tanto para a adquisición como para a transmisión da información. É necesaria a alfabetización informacional e tecnolóxica dos alumnos e alumnas.

No relativo ao contexto lingüístico do noso centro, este é maioritariamente galego-falante, pero advértense mudanzas preocupantes nos últimos tempos que reflicten a situación de minorización da nosa lingua. Esta situación e os prexuízos dela derivados serán de especial atención, conscientes de que só dende a identidade se pode valorar a pluralidade lingüística e cultural.

2. OBXECTIVOS, COMPETENCIAS E ELEMENTOS TRANSVERSAIS LOMCE

a. OBXECTIVOS DA ESO

- 1) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da ciudadanía democrática.
- 2) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- 3) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- 4) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- 5) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- 6) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- 7) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- 8) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na

lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

9) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

10) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

11) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

12) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

13) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

14) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b. COMPETENCIAS CLAVE

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, Art. 3: Competencias clave.

Neste decreto, para a adquisición das Competencias clave, incídese no “deseño de actividades integradas que lles permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.”

Comunicación lingüística (CCL)

1. Comprensión oral
2. Expresión oral
3. Comprensión escrita
4. Expresión escrita e/ou ortográfica
5. Capacidade de síntese
6. Lectura

Competencia dixital (CD)

1. Busca de información en diferentes fontes
2. Manexo e aplicación da información
3. Transmisión/aplicación da información
4. Análise crítica do emprego das novas tecnoloxías

Aprender a aprender (CAA)

1. Hábito diario de traballo
2. Técnicas de traballo intelectual
3. Planificación e organización do traballo
4. Motivación e interese polo estudo
5. Pedir axuda
6. Saber autocorrrixirse, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
7. Ser quen de autoavaliarse e coavaliar aos compañeiros/as .

Competencias sociais e cívicas (CSC)

1. Comprensión da súa realidade social
2. Interiorización de valores básicos
3. Respecto aos dereitos dos demais
4. Integración no grupo e/ou no centro (Desenvolver habilidades sociais ?)
5. Cumprimento das normas de convivencia
6. Autocontrol

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

1. Autoestima e confianza en si mesmo
2. Tolerancia a frustración
3. Asunción de responsabilidades
4. Participación en clases
5. Estudo autónomo
6. Afán de superación
7. Saber traballar en equipo
8. Mostrar iniciativa

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

1. Coñecemento das expresións artísticas
2. Valoración da arte e da cultura
3. Técnicas de expresión artística
4. Creatividade
- 5 Respecto do patrimonio cultural

Matemática e Coñecemento Científico Tecnolóxico (CMCCT)

1. Saber ler un mapa e interpretar unha gráfica
2. Distinguir formas e volumes
3. Entender o que supón o coñecemento científico
4. Descubrir a tecnoloxía no ámbito do cotián
5. Operacións básicas
2. Razoamento lóxico
3. Resolución de problemas
4. Representacións gráficas
5. Aplicación práctica do aprendido
6. Visión espacial

c. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 4. Elementos transversais.

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita .
- Comunicación audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Educación cívica e constitucional.
- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero .
- Rexeitamento de contidos sexistas e da discriminación por razón da orientación sexual, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Resolución pacífica de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia .
- Respecto polos dereitos humanos, pola liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, a pluralidade e o Estado de dereito.

A importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior. Na sociedade actual é fundamental a formación do individuo para a busca, filtrado, utilización e valoración da inxente cantidade de información que está a súa disposición. Por outra banda, as TIC constitúen un importante apoio á mellora do labor docente ao permitir unha maior individualización e flexibilización do proceso educativo, ademais de resultar motivadoras e necesarias para un alumnado que vive rodeado de estímulos audiovisuais.

As TIC permiten, así mesmo, a superación de limitacións temporais e xeográficas entre docentes, alumnado, familias e outros axentes da comunidade educativa, así como o acceso á información en igualdade de condicións.

3. TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)

O [Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas](#) (MCER), publicado en 2001, constitúe unha referencia para o traballo da competencia plurilingüe e intercultural. Na mesma liña están os documentos do Consello de Europa como a “Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural” (2010), o informe do Foro Intergubernamental Europeo “O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais” (2010) e a Conferencia intergubernamental “Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas” (2013).

No marco LOMCE, o tratamento integral das linguas recóllese nos seguintes artigos:

[Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 11. Principios metodolóxicos \(ESO\)](#)

10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe (...) Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación (...) acordos sobre a terminoloxía que se vai a empregar, e ao tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

[Decreto 86/2015 do 25 de xuño, Título III, Artigo 39. Educación dixital](#)

1. Os centros que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo (...).

[Decreto 86/2015 do 25 de xuño, art. 38. Bibliotecas Escolares](#)

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integre as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento da información, en apoio das competencias clave.

4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adeuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para o uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado (...).

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 4. Elementos transversais

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 10. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

e) *Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 11. Principios metodolóxicos (ESO)

3. *Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.*

9. *Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.*

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 27. Principios metodolóxicos (BACHARELATO)

1.(...), *estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.*

4. (...) *O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.*

4. ACORDOS DO IES DE PORTO DO SON PARA O TIL

a METODOLOXÍA

➤ MARCO LEGAL

O [Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 11](#), promove para a ESO unha metodoloxía:

1. Activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo.
2. Cun enfoque multidisciplinar e coordinado.
3. Que garanta a adicación dun tempo á lectura para promover a comprensión e o uso da información.
4. Integradora no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Que promova actividades de aprendizaxe integradas, para o que se aproveitarán as posibilidades do traballo por proxectos e os recursos e actividades da biblioteca escolar.
6. Con actividades de fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, tendo como referencia o Proxecto lector do centro.

➤ METODOLOXÍA TIL NO IES DE PORTO DO SON

A lingua apréndese non só para falar, ler ou escribir sobre a propia lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras; sobre o mundo. A lingua é unha **porta de acceso ao coñecemento**. A competencia lingüística garante a **inclusión social e o éxito escolar**.

A sociedade multilingüe e plural na que vivimos precisa un enfoque que garanta o desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado nas distintas linguas que se imparten nos centros de ensino. Isto implica un tratamento **integrado** das mesmas. Para poder poñer en práctica estes currículos integrados é necesario potenciar unha metodoloxía adecuada que leve a cabo **enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais**. Deste xeito, o **libro de texto** será só **un apoio** para o alumnado, que utilizará as **tecnoloxías** da información e da comunicación e a **biblioteca** para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. Trátase con isto de fomentar a participación e a reflexión tanto individual como en grupo; a procura, selección e tratamento da información; expresión correcta, clara e ordenada dos resultados e relación dos saberes aprendidos nas distintas

materias.

b. ACORDOS CONCRETOS

■ EN TIC/ITI

- Aplicación do **Plan TIC / ITI**. Incluír nas tarefas cuestións que reforcen os contidos TIC/ITI (vid. exemplo no apartado de contidos).
- Uso das TIC para facilitar a comunicación cos compañeiros deste e doutros centros, que permita **compartir materiais e experiencias**; contemplamos tarefas como o intercambio de información e proxectos con alumnado nacional e estranxeiro.
- Emprego do **Classroom** como ferramenta TIC de comunicación e produción a partir de 3º de ESO. Polo tanto adicaremos polo menos unha sesión a ensinar o manexo da mesma ao alumnado. Esta coordinarase entre o profesorado a comezo de curso. Continuarase utilizando a aula virtual do centro, de forma específica en 1º e 2º de ESO.
- Para a publicación das tarefas, producións, proxectos... a utilización do **blog da biblioteca**, entendido como espazo-recurso virtual. Co tempo, se se vise preciso, elaboraráse un blog específico.
- Uso e enriquecemento de espazos de recursos comúns e específicos: **blog da biblioteca, aula virtual, intranet**.
- Emprego e dinamización da **radio (Onda Perseveira)**, recurso que favorece a mellora das competencias informacionais e mediáticas, a expresión oral, a alfabetización múltiple, o traballo en equipo... Os podcasts poderán subirse a Ivoox e ao blog de Onda Perseveira.

■ EN ENSINO-APRENDIZAXE

- Entendemos que o traballo en grupo cooperativo facilita a **atención á diversidade**, en tanto que o propio alumnado se transforma en “docente” dentro do grupo, ao tempo que reforza os seus coñecementos.
- Incorporar a **aprendizaxe-servizo** nas tarefas (entre o propio alumnado dentro do centro -exposicións orais, etc.-; do alumnado cos centros de primaria e infantil; das familias co centro; da comunidade educativa en sentido amplo...).

- Coordinación interdepartamental nas tarefas. Nos distintos niveis hase garantir que cada grupo realice, cando menos, **un traballo e unha exposición oral por trimestre**. O obxectivo será reforzar estes procedementos sen aumentar en exceso a carga de traballo do alumnado. Estas actividades repartiranse entre as distintas materias, fixando a súa temporalización. Incorporarán **cuestións-tipo** que reforcen os contidos de TIC/ITI. O que segue pode ser un exemplo:

Lectura:

1. Tras ler o texto, entregade un arquivo cunha gravación da lectura da páxina 76 (“A *nepheas da avoa* era herbívora ...) á 79 (ata “Philipot e Violeta cruzaron as súas miradas”). En caso de ser un traballo compartido, o reparto da mesma ha de ser equitativo (dramatizade os diálogos). Debedes enviálo ao correo.

Indicade no asunto os seguintes datos: o voso nome e “arquivo son”. Cabe a posibilidade de entregalo nun pen. (0,4)

Investigación:

2. Procura información sobre a autora (entre 10 e 15 liñas) e sobre o ilustrador (arredor de 10 liñas).
3. Sintetiza a información sobre a presenza de Xulio Verne en Vigo a partir dos datos que a autora recolle na obra e dos que se aportan no blog “Vigopedia” –nel hai un interesante artigo sobre este escritor e a relación desta cidade coa súa obra e coas súas viaxes-. Elabora un texto que teña entre 15 e 20 liñas aproximadamente. Cita a referencia desta fonte de información (Consulta na ferramenta *Con brillo de cometa* á que podes acceder dende o blog da biblioteca ou dende a aula virtual, o apartado adicado á bibliografía e webgrafía).
4. Na páxina anterior, Vigopedia, e nun blog sobre Tecnoloxía obsoleta poderás atopar información sobre Sanjurjo Badía. Responde estas cuestións a partir deses blogs:
 - Copia unha imaxe de Sanjurjo Badía o día en que se probou o seu prototipo de submarino e inclúe un pé de foto no que figure a data do suceso. Cita a fonte.
 - Revisa en *Con brillo de cometa* o punto 3.2. sobre as características das fontes consultadas. Neste apartado danse 10 características. Revísaas en relación aos dous blogs e logo indica cal cres que é máis fiable e por que?

Nota: Tamaño das imaxes (5.5 x 5.5, aproximadamente, dependendo das necesidades da propia imaxe). Ao pinchar enriba da imaxe actívase o menú de tratamento da mesma. Debedes incluír un pé de foto. No blog da biblioteca tes un titorial do CEIP Friáns de Teis sobre a utilización das imaxes.

5. O tema 3 do teu libro de texto ten un apartado adicado ás plantas. Recompila os nomes de flores, plantas, arbustos, árbores... que se citan no libro. Inclúe a imaxe das que non coñezas. Lembra que as imaxes da Galipedia e a Wikipedia están libres de dereitos.
6. Unha preguntíña difícil. Quen é esta pintora galega que aparece nunha foto vestida de “muller planta”? Por que será importante no 2017? (claves de busca)
7. No teu libro de texto, na páxina 40, tes a teoría sobre os textos narrativos. Fai un esquema ou cadro sinóptico aplicado a esta obra, na que inclúas: os personaxes, o tema, o espazo, o tempo e o narrador (lembra que se trata dun esquema, non dunha análise ampla). Pode serche de utilidade a información aportada sobre os esquemas que atoparás na aula virtual do centro (Lingua galega, Ferramentas comúns de aprendizaxe, tema 1, o esquema). Dáseche a opción de escoller o tipo

IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña
ies.porto.son@edu.xunta.es | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

de esquema (de apartados numéricos, con puntos, guións, un cadro sinóptico... , pero lembra que terás que ter en conta a presentación e a distribución do espazo na folia).

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/course/view.php?id=70>

- **Pautas comúns** para a presentación de traballos, a man e a ordenador, segundo as indicacións da presentación recollida na aula virtual na sección de Lingua Galega, Ferramentas comúns de apredizaxe: [Ferramentas comúns de aprendizaxe](#)
- Tal e como recolle a LOMCE, realizarase **un proxecto común** (un folleto, un cartel, traballo de vocabulario, preparar unha exposición, etc.).
- Dado que o traballo colaborativo favorece a optimización dos tempos, realizaremos un horario no que cada día, en distintas materias do ámbito lingüístico, se adiquen 10 minutos á **lectura libre e en silencio**.
- **Pautas comúns** para a presentación de **exames**:
 - bolígrafo azul ou negro.
 - marxes, segundo as indicacións para os traballos.
 - títex, o mínimo posible.
 - numerar e poñer o nome en todos os folios.
 - orde, limpeza e claridade.
 - pódese usar asterisco (*1, *2) para completar a información.
 - contemplar a corrección ortográfica en todas as materias.

A comezo de curso realizarase unha reunión do profesorado do ámbito lingüístico para:

- Lembrar e reforzar os compromisos.
- Indicar a inclusión das liñas concretas derivadas dos acordos nas programacións.
- Delimitar proxectos.
- Temporalizar os contidos.
- Contemplar o TIL nas programacións.

- Consensuar reunións de coordinación de proxectos por equipos docentes.

c. TERMINOLOXÍA

Coa finalidade de evitar confusións ao alumnado, tomáanse os seguintes acordos con respecto a:

■ TERMOS NA ANÁLISE MORFOLÓXICA – ESTRUCTURA DA PALABRA

Ás cuestións que neste ámbito son xerais, engadimos o tratamento específico dos seguintes contidos, que requiren coordinación interdepartamental:

Morfemas gramaticais libres: son os que forman palabras independentes (determinantes, pronomes, preposicións e conxuncións). Ex: Por (Morf. Gram. Libre)

Alomorfos: son as distintas representacións que pode ter un morfema. Por exemplo, o morfema de modo e tempo do “pretérito imperfecto de indicativo” pode ter os morfos –ba-/ -a- ou os alomorfos de plural –s/-es/-is (*mans, foles, animais*). O mesmo acontece no caso dalgúns morfemas derivativos: por exemplo de *leite, leit –eir-o*, pero en *carne, carn –iceir-o*, e non **carn-ic-eir-o*.

Alomorfos ou alomorfemas: cada unha das representacións dun lexema: fa-Ø-Ø-n / fag- Ø-Ø-o

Polo tanto, desbotamos o concepto de interfixo ou infixo, ao non ser considerado morfema por non aportar significado léxico nin gramatical. Con todo, explicaráselles a validez das dúas opcións:

Ens-anch-*ar (MDP, alomorfema+ lex + MDS deverbil)

En-s-anch- *ar (MDP+interfixo ou infixo+ lex+ MDS deverbil)

* ar, sufixo deverbil (-a- VT e -r- marca de infinitivo) / parasintética.

Neocompostos ou compostos eruditos ou cultos: termos compostos que se utilizan na terminoloxía técnica e científica están formados pola combinación de raíces de orixe grega ou latina que non adoitan ter a posibilidade de apareceren formando unha palabra independente. Por exemplo, *hidrófugo* (raíz prefixa + raíz sufixa).

Derivadas regresivas: son palabras formadas a partir de verbos por eliminación de

morfemas verbais, como por exemplo *amarrar*>*amarre*.

■ TERMOS PARA A ANÁLISE SINTÁCTICA

Empregaranse os seguintes termos sintácticos, tendo en conta que as unidades escribíranse en minúscula e as funcións en maiúscula. A árbore traballarase como mínimo ata 4º de ESO en Lingua Galega e Lingua Castelá.

Cláusula, frase nominal, frase substantiva / frase sustantiva, frase adxectiva / frase adxetiva, frase adverbial, frase preposicional, estrutura /estructura coordinada, estrutura xustaposta/estructura yuxtapuesta, cláusula, subordinada substantiva, subordinada adxectiva, subordinada adverbial (de tempo, de modo, de lugar), oración bipolar (causal, consecutiva, concesiva, condicional, final, comparativa, adversativa).

Funcións dentro da frase (fr.): NÚC. (núcleo), MOD. (modificador), DET. (determinante), NOM. (nominal), ENL. (enlace), TERM. (termo) / TÉRM. (término). Advertíraselles que se trata de abreviaturas e que, polo tanto, manteñen o acento gráfico.

Substantivo, adxectivo, artigo, adxectivo determinativo/ pronome (numeral, indefinido, demostrativo, posesivo), pronome persoal (tónico / átono), verbo, verbo pronominal, verbo copulativo, adverbio, adverbio relativo, conxunción coordinante/subordinante, locución conxuntiva (copulativa, disxuntiva, distributiva, adversativa, concesiva, condicional, causal, completiva, locativa, consecutiva, final, temporal, modal, temporal), locución conxuntiva correlativa, locución preposicional, preposición, pronome reflexivo, pronome recíproco, pasiva reflexa*, impersonal con se*.

*Cando o pronome átono SE forme parte dunha pasiva reflexa ou dunha impersonal con "se", recollerase na análise como un morfema verbal que é "marca de pasiva" ou "marca de impersonal con se". Desbotamos o termo "impersonal reflexa" para evitar confusións ao alumnado coa pasiva reflexa, pero explicaráselles a súa validez.

SUX./SUJ. (na pasiva engadírase PAC. para o suxeito paciente), SUX. ELÍPTICO, PRED., CD, CI, DAT. INT. (dativo de interese), DAT. SOL. (dativo de solidariedade), SUPL. (suplemento), PVO do SUX./ do CD (complemento predicativo), CC. (complemento circunstancial; especificaranse os facilmente identificables e no resto dos casos só se identificarán con CC), C. AX./AG. (complemento axente), ATRIB. (atributo). Termos das estruturas bipolares: causal (CAUSA / EFECTO); consecutiva (ANTECEDENTE / CONSECUENTE); concesiva (TESE / ANTÍTESE); condicional (CONDICIONANTE /

CONDICIONADO); comparativa (1º TERMO / 2º TERMO); adversativa* (TESE / ANTÍTESE).

*Explicaráselle ao alumnado que nalgunhas gramáticas e manuais as adversativas contémpanse como estruturas coordinadas.

■ ONDE, CANDO E COMO: ADVERBIOS RELATIVOS / CONXUNCIÓNS

Os adverbios relativos son: onde, cando e como.

● **Adverbios relativos con antecedente**

Coinciden cos pronomes relativos en que:

- Habilitan a cláusula subordinada que introducen para realizar a función de modificador (cláusula subordinada adxectiva ou de relativo).
- Substitúen dentro dunha cláusula un elemento, o antecedente.
- Realizan unha función sintáctica primaria dentro da cláusula subordinada

Ex: *Valaron o lugar (onde apareceu.)*

CCL_____

cl. sub. adxectiva

Aínda que coinciden, pois, cos outros pronomes relativos, estes **sempre deben levar o antecedente expreso** nas cláusulas adxectivas.

● **Os adverbios relativos sen antecedente**

Utilízanse nas cláusulas subordinadas substantivas e:

- Pódense empregar como exclamativos e interrogativos, tanto na súa forma directa como indirecta. Neste último uso o nexa continúa sendo un adverbio relativo, pero con valor interrogativo, polo que podemos clasificalo **como adverbio (relativo) interrogativo**. Desempeña función na cláusula.

Ex: Pregúntalle onde aparcou o coche. Nexa : adverbio relat. interrogat.indir.

CCL_____

Cláus. Sub. Subs de CD

- Poden aparecer nunha cláusula subordinada substantiva sen ser

IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña
ies.porto.son@edu.xunta.es | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

interrogativo ou exclamativo. Nese o nexo terá tamén unha función na cláusula e clasificarase como **adverbio relativo**.

Ex: Xa lle dixen *cando* lerá o seu poema

CCT _____

Cláus. Sub. Subs de CD

Conxuncións

Cando, *como* e *onde* son conxuncións temporal, modal e locativa respectivamente se a cláusula subordinada (adverbial) en que se inclúen desempeña a función de CCT, CCM ou CCL (toda a cláusula). Neste casos funcionan como NEXOS e clasifícanse como conxuncións (sen función específica na cláusula).

Ex: Fai ese pastel como che ensinou a avoa. Nexo: conxunción modal.

Cláus. Sub. Adverbial modal

Poden aparecer **tamén como parte de locucións conxuntivas ou con outros valores**.

Existe unha disparidade entre as gramáticas galegas e castelás con respecto a *cando*, *como* e *onde* cando non aparece antecedente, considerándose como conxuncións ou adverbios relativos sen antecedente. A RAE recolle esta polémica no punto 22.7a da *Nueva gramática de la lengua española* (2009-2011) falando de “doble naturaleza categorial”; non obstante, no punto seguinte di que “el término *adverbio relativo* será empleado también aquí”, polo tanto, sempre son adverbios relativos para esta gramática.

c. TRATAMENTO DE CONTIDOS

O tratamento integrado das linguas facilita a racionalización dos currículos en canto á materia impartida, a temporalización, a metodoloxía e a avaliación. Respondendo ao contexto LOMCE apuntado no apartado no que se recolle a base legal, os departamentos do ámbito lingüístico acordan tratar en común os seguintes contidos, chegando a acordos no reparto dos mesmos. Impartiranse nunha materia e reforzaranse no resto. Unha parte importante da explicación destes contidos correrá a cargo dos departamentos de castelán e galego, pois o nivel de competencia lingüística en inglés e francés do alumnado nos primeiros cursos non o fai posible. O departamento de Inglés comprométese a impartir os contidos TIC recollidos neste documento. Ámbolos dous reforzarán ademais os outros impartidos por Lingua Galega e Lingua Castelá.

Os departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega realizarán, por niveis, unha reunión a comezo de curso e reunións periódicas para a coordinación e supervisión dos contidos. Os documentos de Drive e o Classroom facilitarán este labor.

■ CONTIDOS LINGÜÍSTICOS CURRICULARES POR BLOQUES

Bloque I. Comunicación oral. escoitar e falar

- Debates (Castelán)
- Exposicións orais apoiadas / ou non en ferramentas TIC (Galego, vid. Contidos TIC).
- Cancións, recitados, contadas, dramatizacións, entrevistas... (nas dúas materias individualmente ou en proxectos comúns do ámbito lingüístico ou doutras áreas).

Neste bloque terase en conta que a Sala Perseveira, Onda Perseveira (Programa Radio na Biblio) e o Salón de actos serán aulas recurso para xerar dinámicas que amplíen o espazo-aula.

Bloque II. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Subliñado, esquemas, resumos (Galego, vid. Contidos TIC)
- Dicionarios. Definicións (Galego)
- Tipoloxía textual non literaria:
 - Textos expositivos (Castelán)

IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña
ies.porto.son@edu.xunta.es | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

- Textos instrutivos (Castelán)
- Textos argumentativos (Castelán)
- A carta (Castelán)
- O correo electrónico (Galego)
- Textos xornalísticos: noticia, entrevista, reportaxe, artigo de opinión. Os textos publicitarios (Galego).
- Currículo e documentos administrativos (en 4º de ESO; Castelán). Para o reforzo en lingua galega empregárase o seguinte recurso:

<http://www.linguagalega.org/outros/documentos/documentos.html>

Bloque III. Funcionamento da lingua

- Propiedades textuais (Castelán)
- Puntuación (Galego)
- A estrutura da palabra (vid. Terminoloxía) (Segundo o nivel; en 3º de ESO, Galego)
- A sintaxe (Castelán; en 4º de ESO procurárase o reparto das estruturas subordinadas e bipolares).

Bloque IV. Lingua e sociedade

- Variedades lingüísticas:
 - As linguas no mundo, as linguas na Península Ibérica (Castelán)
 - Lusofonía (a partir de 2º de ESO, Galego)
 - Rexistros e niveis de lingua (Castelán)
- Prexuízos (Galego)
- Conciencia plurilingüe (Galego; traballo por proxectos ao que poderían sumar outras materias, en concreto Xeografía e Historia por formar parte do ámbito sociolingüístico. Engadimos o enlace ao Proxecto Rianxo, pois algunhas das iniciativas interdisciplinarias recollidas nesta páxina, poderían ser ilustrativas).

<http://proxectorianxo2016.blogspot.com.es/p/vocabulario-topografico.html>

Bloque V. Educación literaria

- Tipoloxía textual literaria (interpretación e creación) no que respecta a:
 - Lírica (Castelán)
 - Métrica e recursos estilísticos.
 - Tipoloxía
 - Épica (Galego)

IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña
ies.porto.son@edu.xunta.es | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

- Características
- Tipoloxía
- Diálogo
- Descrición
- Dramática (Castelán)
 - Características
- Cómico (Galego; favorecerase a interdisciplinariedade con Educación Plástica e Visual)
 - Características e códigos.

Este reparto levarase a cabo no 1º e 2º de ESO. En 3º e 4º, dado que os contidos do ámbito literario son específicos de cada materia, realizaranse acordos concretos cando sexa posible. Por exemplo, Lingua Galega explicará a Lírica medieval galego-portuguesa (cantiga de amigo, kharxas mozárabes, cançó provenzal e a teoría do amor cortés...) e xa non se verá en Lingua Castelá.

Dentro das lecturas escollidas, potenciarase o coñecemento dos clásicos e da mitoloxía, realizando un itinerario lector que contemple estas opcións, así como as que puidesen estar relacionadas cos temas interdisciplinarios.

■ CONTIDOS TIC E DE INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Cómpre ter en conta que a implantación da aprendizaxe por competencias integradas nos currículos precisa dunha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. O seu carácter transversal, dinámico e integral require o tratamento dos **contidos TIC dende todas as materias**.

Partindo de que as TIC e o proceso de Alfabetización Informacional son necesarios na Investigación e Tratamento da Información, **remitímonos ao PLAN TIC elaborado no curso 2016-17**.

Deste recolleamos aqueles conceptos básicos acordados que repercuten directamente no ámbito lingüístico:

Curso intensivo en 1º da ESO- Conceptos básicos

Normas básicas na organización da aula para coller e gardar os ordenadores do alumno
Gardar e organizar a información no ordenador

Aplicacións dispoñibles nos equipos abalar
Navegadores e buscas rápidas en internet (favoritos, historial...)
Creación e emprego do correo electrónico

O equipo docente, coordinados polo Equipo directivo e Departamento de Orientación, repartirán estes contidos para traballalos durante o 1º mes do curso.

Materia de libre configuración en 1º da ESO

(Oratoria/ Paisaxe) na que se impartirán contidos de Formación de usuarios da biblioteca

Alfabetización Informacional
1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información. Formación de usuarios: Normas de uso.
2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca. CDU
2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar. (Recursos do blogue).

Reparto e temporalización dos contidos de TIC (1º de ESO)

Área de linguas, como parte do TIL

MATE- RIA	CONTIDO TIC	RECURSOS	TEMPORALI- ZACIÓN
I N G L É S	Preparación da procura informativa. (Que información procuro. Claves de busca).	Biblioteca, aula virtual, <i>Con brillo de cometa</i> (apartados 1, 1.1) https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/mod/scorm/view.php?id=537 Traballo das competencias, Ana Rial Aparicio e Manuel Rosales: http://cotovia.org/proxecto/hab/hab_ud1_01.html?orix=h&tema=h&ud1_01.html (está na intranet, competencia comunicativa, lingua galega) Tarefa en grupos	Setembro
	Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	Traballo das competencias, Ana Rial Aparicio e Manuel Rosales: http://cotovia.org/proxecto/hab/hab_ud1_01.html?orix=h&tema=h&ud1_01.html (está na intranet, competencia comunicativa, lingua galega)	Setembro
	Estratexias de procura eficaz Trucos Google Aula Virtual Dicionarios (reforzarase nas	Biblioteca, aula virtual, <i>Con brillo de cometa</i> (apartados 2, 2.1, 2.2) https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/mod/scorm/view.php?id=537	Setembro / outubro



	distintas materias de linguas ao longo do curso).	w.php?id=537 Traballo das competencias, Ana Rial Aparicio e Manuel Rosales: http://cotovia.org/proxecto/hab/hab_ud1_01.html?orix=hab&tema=hab_ud1_01.html (está na intranet, competencia comunicativa, lingua galega) Prácticas guiadas	
	Organización: gardar os marcadores. Reelaboración da información. (A reelaboración da información debe aplicarse nos traballos escritos, exposicións, proxectos de ITI...; polo tanto, en todas as materias).	Biblioteca, aula virtual, <i>Con brillo de cometa</i> (apartado 2.3): https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/mod/scorm/view.php?id=537 Tarefa en grupos	Outubro
	Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	Biblioteca, aula virtual, <i>Con brillo de cometa</i> (apartados 1, 1.2): https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/mod/scorm/view.php?id=537 Materiais adaptados de Gloria Durban aportado por BE: http://www.bibliotecaescolar.info/ACTIVITATS/unidade2/portadaindex.htm http://www.bibliotecaescolar.info/ACTIVITATS/unidade4/portadaindex.htm Tarefa en grupos: as fichas de Glória Dúrbán do enlace anterior, permiten a práctica colaborativa.	Outubro
C A S T E L Á N	Presentación dos traballos escritos	Aula virtual: departamento de lingua galega, ferramentas de aprendizaxe e comunicación https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/course/view.php?id=70	Outubro
	Uso legal de internet. Dereitos de autoría	Biblioteca, aula virtual, <i>Con brillo de cometa</i> : (apartado 4., 4.1 e 4.2.) https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/mod/scorm/view.php?id=537 Blog da biblioteca: <i>Empregando imaxes</i> , Titorial do CEIP Friáns -Teis. Materiais adaptados de Gloria Durban aportado por BE: http://www.bibliotecaescolar.info/ACT	Setembro /

		IVITATS/unidade5/portadaindex.htm	
	Citas e referencias bibliográficas. Bibliografía e webgrafía.	<p>Biblioteca, aula virtual, <i>Con brillo de cometa</i>: (apartado 4.3.): https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/mod/scorm/view.php?id=537</p> <p>Material do IES Poeta Añón: http://www.edu.xunta.es/biblioteca/bl og/files/IESPoetaAnhon_citasbibliogr af.pdf</p> <p>Normas APA, recollidas no blog da biblioteca: http://normasapa.com/</p> <p>Xerador de citas APA e outros: http://www.cva.itesm.mx/biblioteca/pa gina_con_formato_version_oct/apa.htm</p>	Setembro, outubro
G A L E G O	O esquema e o resumo	<p>O esquema:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Aula virtual: departamento de lingua galega, ferramentas de aprendizaxe e comunicación (apartado 1) https://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/aulavirtual2/course/view.php?id=70 -Traballo das competencias, Ana Rial Aparicio e Manuel Rosales: http://cotovia.org/proxecto/hab/hab_ud2_06.html?orix=hab&tema=hab_ud2_06.html (está na intranet, competencia comunicativa, lingua galega) <p>O resumo. Traballo das competencias, Ana Rial Aparicio e Manuel Rosales: http://cotovia.org/proxecto/hab/hab_ud2_01.html?orix=hab&tema=hab_ud2_01.html (está na intranet, competencia comunicativa, lingua galega)</p>	Setembro
	Reelaboración da información: exposicións orais apoiadas en presentacións.	O contido da presentación. Aula virtual: departamento de lingua galega, ferramentas de aprendizaxe e comunicación	Setembro



		<p>(apartado 3) https://www.edu.xunta.gal/centros/ies/portoson/aulavirtual2/course/view.php?id=70 Consellos para a preparación da exposición oral. Traballo das competencias, Ana Rial Aparicio e Manuel Rosales: http://cotovia.org/proxecto/hab/hab_ud2_06.html?orix=hab&tema=hab_ud2_06.html (está na intranet, competencia comunicativa, lingua galega) Tarefas con presentacións de Google Rúbrica</p>	
	Emprego dos correctores para revisar os textos.	<p>Tarefas baseadas na utilización do corrector en liña Ortogal e sistemas de revisión dos procesadores de texto. http://etikeles.wordpress.com/ http://sli.uvigo.es/corrector/</p>	Setembro/ outubro
	Utilización de dicionarios, glosarios e enciclopedias.	<p>Os dicionarios (en Ferramentas de aprendizaxe e comunicación, aula virtual, presentación elaborada polo departamento de galego): https://www.edu.xunta.gal/centros/ies/portoson/aulavirtual2/course/view.php?id=70 Tarefas aplicadas á utilización dos recursos aportados no blog da biblioteca: Dicionario da RAG Outros dicionarios: GalNet, Ir Indo, Digalego, dicionario de sinónimos, RILG, TILG. Para a lusofonía. Priberam e Estraviz. Glosarios específicos por materias: http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminologia/biblio-term.html Dicionario do imaxinario: http://www.galiciaencantada.com/contenidos/terminologia.asp?cat=50</p>	Outubro (introdución, desenvolvemento ao longo do curso)

d. AVALIACIÓN

O plan de avaliación incluirá:

- Valoración do curso: obxectivos acadados, incumprimentos do proxecto e aspectos a mellorar para o curso seguinte.

■ PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos

- O: observación do alumno/a en clase
- AEO: actividades de expresión oral (exposicións orais, debates e coloquios, presentacións, dramatizacións, lecturas expresivas, probas orais sobre libros de lectura, proba escrita con cuestións ou creación de textos expositivos a partir da oralidade, etc.).*
- AEE: consistirán na elaboración de textos literarios e non literarios (vid. contidos)
- PE: exames
- PL: proba de lectura

Instrumentos de avaliación:

- RCL: rexistro cualitativo (valora a calidade das producións; aplicarase principalmente para os procedementos O, AEO e as de AEE –non incluídas nos exames de avaliación-. A calidade das producións valorarase, nalgúns dos casos, a través de rúbricas que poderán ser comúns aos distintos departamentos lingüísticos e que, nestes casos, se recollerán na aula virtual, no apartado de Ferramentas comúns de aprendizaxe).
- RCT: rexistro cuantitativo (valora numericamente; aplicarase a probas escritas tipo exames, traballos e probas de lectura escritas).
- AA e COA: autoavaliación e coavaliación (en xeral estarán presentes como metodoloxías didácticas para a avaliación de todos os estándares. Procurarase a incentivación deste instrumento entre o alumnado, cunha actitude crítica e respectuosa, de cara á corrección e superación das dificultades).

Avaliación dos **proxectos interdisciplinarios** a partir de:

- Os datos anteriores.
- Enquisas ao alumnado.
- A recollida de datos -mediante enquisa ou cuestionario breve- da reflexión do

IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña
ies.porto.son@edu.xunta.es | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

profesorado con respecto a:

- as actividades desenvolvidas, data e duración.
- as dificultades experimentadas para levar a cabo as actividades.
- a valoración dos obxectivos acadados e da experiencia en relación aos métodos tradicionais de ensino.
- posibles actuacións de mellora con vistas a futuras implementacións.

IES de Porto do Son, última revisión o 18/01/2019